

Compostela garda nas súas rúas, prazas e edificios un legado histórico e artístico como poucas cidades no mundo poden presumir. Porén non toda esta herdanza monumental de séculos pode ser visitada durante o ano.

A Semana do Patrimonio Invisible é un ciclo programado pola Área de Cultura do Concello de Compostela que abre as portas de tesouros, habitualmente fechadas, e diseña unhas visitas guiadas de pequenos grupos para que os seus usuarios garden na memoria unha experiencia cultural única.

As visitas guiadas que realizamos na Semana do Patrimonio Invisible baséanse en dúas premisas: a calidade do discurso narrativo e a protección dos bens culturais que visitamos. Por este motivo as prazas para cada quenda de visitas son limitadas, e o proceso de reserva precisa da confirmación mediante correo electrónico por parte da organización a cada visitante.

.....
Queremos garantir o acceso á actividade ao maior número de persoas, polo que cada solicitante poderá reservar un máximo de **unha visita para dúas persoas.**

Para facer as reservas é preciso entrar na páxina web oficial e **completar o formulario de reservas:**

www.patrimonioinvisible.gal

**Reserva
a túa praza!**


Máis información:
reservas@patrimonioinvisible.gal



C
Compostela
Cultura

**SEMANA DO
PATRIMONIO
INVISIBLE**

Espazos agochados de Compostela
Do 12 ao 17 de setembro 2022
V edición





Convento de San Francisco

Fundación Laboral de la Construcción

Tribuna da Catedral
Colexio de Fonseca

Mananciais de Compostela

Arquivo Histórico Universitario

Facultade de Xeografía e Historia

Confraría do Rosario

Convento de San Francisco

Visitamos o que é hoxe un dos edificios máis destacados da cidade, e lugar no que en 1520 estiveron as “Cortes”, presididas polo emperador Carlos V. O convento garda restos dun claustro gótico, a tumba do mítico fundador Cotalay ou unha biblioteca chea de incunables.

Tribuna da Catedral

Faremos un percorrido interior en altura polo edificio máis importante da cidade, desde onde teremos unha visión perfecta da súa estrutura románica.

Confraría do Rosario

No interior de San Domingos de Bonaval visitaremos e coñeceremos a capela e o cemiterio desta institución, fundada hai máis de 500 anos e peza fundamental da Semana Santa compostelá.

Fundación Laboral de la Construcción

Hoxe sede desta institución, era un dos curtiroidos máis antigos da cidade e dos máis grandes de Galicia.

Facultade de Xeografía e Historia

Este templo do saber, construído entre os séculos XVIII e XIX, agocha sorprendentes espazos como o paraninfo ou a sala de lectura e unhas magníficas vistas sobre a cidade histórica.

Colexio de Fonseca

Neste fermoso edificio visitaremos o claustro e algúns espazos máis agochados, como a Biblioteca América ou o Salón Nobre.

Arquivo Histórico Universitario

Localizado na rúa das Casas Reais, este edificio conserva gran parte da historia da Universidade compostelá, así como fondos históricos do Hospital Real, do Concello de Santiago ou dos antigos municipios de Sar, Enfesta e Conxo.

Mananciais de Compostela

Visitaremos os antigos mananciais de Fonte Branca e Ponte Mantible para coñecer de primeira man os puntos orixinais da arquitectura da auga da cidade.

12

Luns

- 12 h Convento de San Francisco
- 13 h Tribuna da Catedral
- 17 h Confraría do Rosario
- 18 h Tribuna da Catedral
- 19 h Fundación Laboral
- 20 h Facultade de Xeografía e Historia

13

Martes

- 12 h Colexio de Fonseca
- 13 h Arquivo Histórico Universitario
- 17 h Colexio de Fonseca
- 18 h Convento de San Francisco
- 19 h Confraría do Rosario
- 20 h Facultade de Xeografía e Historia

14

Mércores

- 12 h Fundación Laboral
- 13 h Arquivo Histórico Universitario
- 17 h Mananciais de Compostela
- 18 h Mananciais de Compostela
- 19 h Mananciais de Compostela
- 20 h Mananciais de Compostela

15

Xoves

- 12 h Colexio de Fonseca
- 13 h Tribuna da Catedral
- 17 h Colexio de Fonseca
- 18 h Tribuna da Catedral
- 19 h Convento de San Francisco
- 20 h Facultade de Xeografía e Historia

16

Venres

- 12 h Convento de San Francisco
- 13 h Arquivo Histórico Universitario
- 17 h Fundación Laboral
- 18 h Confraría do Rosario
- 19 h Visita secreta
- 20 h Visita secreta

17

Sábado

- Noite do Patrimonio**
- 20 h. Percorrido pola Compostela oculta